



# CERTIFICADO

| EXPEDIENTE NÚM. | ÓRGANO COLEXIADO         | DATA DA SESIÓN |
|-----------------|--------------------------|----------------|
| 1937/2024       | A Xunta de Goberno Local | 10/06/2024     |

LARA FERNÁNDEZ VILA EN CALIDADE DE SECRETARIA DESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 1937/2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA ILUMINACIÓN ORNAMENTAL PARA AS FESTAS PATRONAIS DO CRISTO (LOTE 1) E FESTAS DE NADAL (LOTE 2)**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

### ANTECEDENTES DE FEITO

Visto o informe de necesidades incorporado ao expediente polos servizos técnicos municipais en data 30.05.2024, no que se describen as necesidades administrativas a satisfacer e idoneidade do contrato indicando que: *“co presente contrato preténdese recoller a iluminación ornamental no período das festas do Nadal e patronais, de diferentes zonas e rúas da vila, baixo criterios de sustentabilidade, apostando pola implantación de novas tecnoloxías de menor consumo enerxético e alto valor estético. Esta actuación ten como fin último promover a imaxe do municipio de xeito que se xere maior afluencia de visitantes, así como, unha maior actividade comercial durante as datas de festas”*.

Visto que no mesmo informe se recolle a natureza e extensión do contrato, así como, o custo do mesmo que ascende á cantidade de 24.413,93 € para o Lote 1 e de 31.244,01 € para o Lote 2 (IVE incluído), do que resulta un valor estimado superior á contía establecida no artigo 118.1 da LCSP para cualificar un contrato como menor; polo que de acordo co disposto no apartado 1 da Disposición Adicional 2ª da LCSP e no Decreto da Alcaldía nº 2023-1299 de data 29.06.2023, relativo á delegación de competencias, o órgano de contratación competente para a adxudicación deste contrato é Xunta de Goberno Local.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Artigos 28.1 e 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), segundo os cales o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación motivando a necesidade e idoneidade do contrato.





Disposición adicional segunda da LCSP (apartado 1) e Decreto da Alcaldía nº 2023-1299, de data 29.06.2023, relativo á delegación de competencias, de acordo cos cales corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación a tramitación e adxudicación deste contrato.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1277 de 5 de xuño de 2024.

## RESOLUCIÓN

*“PROPOSTA DE RESOLUCION*

**Primeiro.-** *Iniciar o procedemento de contratación da iluminación ornamental para as Festas Patronais do Cristo (Lote 1) e Festas de Nadal (Lote 2).*

**Segundo.-** *Redactar e unir ao expediente a seguinte documentación:*

- *Documento emitido pola intervención municipal que acredite a existencia de crédito adecuado e suficiente para a celebración deste contrato.*
- *Informe de insuficiencia de medios propios.*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento de adxudicación e a execución do contrato, así como, o Prego de Prescricións Técnicas que definirán as prestacións obxecto do mesmo.*
- *Memoria xustificativa do contrato onde se motiven adecuadamente os aspectos indicados no artigo 116.4 da LCSP.*
- *Informe xurídico de secretaría.*
- *Informe de fiscalización previa da intervención nos termos previstos e no art. 116.3 da LCSP en relación coa Lei 47/2003, de 26 de novembro.*

**Terceiro.-** *Dar conta de todo o actuado á Xunta de Goberno Local para resolver o que proceda.*

**Cuarto.-** *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, secretaría, contratación e servizos eléctricos”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta de acordo transcrita.

## RECURSOS/ALEGACIONES

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, advertíndose que se trata dun acto de trámite e como tal non procede a interposición de recursos contra o mesmo.

No entanto, contra as resolucións e os actos de trámite que decidan, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou





**Concello de Cangas**

prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpor o recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese o presente.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 7CF6GH2E69F93LJ7EHJ5DHD6  
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

